



# Universidade de Vigo Campus de Pontevedra

## Licenciatura en CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

### LICENCIATURA EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

Esta é unha titulación da Área das Ciencias Sociais e Xurídicas, practicamente nova, que substitúe á de licenciado en Educación Física. Nesta titulación fórmanse os profesionais do deporte, os que máis saben del, como practicar, condicións físicas necesarias, cuidados, práctica adecuada etc.

Aínda que o principal obxectivo destes titulados é o deporte como actividade física, tamén se introduce na ciencia do deporte, que abrangue moitos e variados aspectos, como poden ser: socioloxía, contorno natural propicio, psicoloxía dos deportistas, musculación, anatomía humana, rendemento etc.

Resumindo, dedícanse á ensinanza de actividades físicas de benestar e gozo social, e tamén á recuperación de persoas afectadas corporalmente, á realización de estudos e proxectos referidos á cultura física e á xestión e planificación de actividades físico-deportivas.

Estes titulados están capacitados para ser profesores de ximnasia e monitores de calquera deporte, adestradores e asesores deportivos.

### ESTRUTURA

Esta titulación componse de 1º e 2º ciclo, de dous anos cada un, polo que o total son catro anos de duración. Está composta por unha carga lectiva de 300 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira. No segundo ciclo hai tres orientacións para elixir, que son:

- Adestramento Deportivo.
- Planificación e Xestión Deportiva.
- Actividade Física, Saúde e Recreación.

### MERCADO DE TRABALLO

Estes licenciados realizan a súa actividade profesional na docencia, na recreación, no ocio, no rendemento deportivo e, en xeral, na xestión e administración do deporte. Son uns estudos que capacitan para a ensinanza, a organización do deporte e para o exercicio da medicina deportiva. Na ensinanza poden optar por centros de ensanzas medias, formación profesional e bacharelato e tamén en educación especial de diminuídos físicos e psíquicos. Traballan en polideportivos, clubs deportivos, ximnasios, equipos deportivos, piscinas e tanto en tarefas de adestramento como de xestión.

### PERFIL DO ESTUDANTE

Ten que ser unha persoa á que lle guste o deporte, e sexa practicante, ademais de ter boa resistencia física, vocación, capacidade de comunicación, ser extravertida e ter carácter competitivo e interese pola vida sa, entre outras calidades.

### ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Todas as opcións de COU.
- Todas as modalidades do bacharelato LOXSE.
- M. prof. de nivel III da rama de Servizos á Comunidade (A)
- C. form. de grao sup. da rama de Actividades Físicas e Deportivas.

É conveniente subliñar que para acceder a estes estudos, ademais de cumprir os requisitos xa expostos, hai que superar unha proba de acceso, de aptitude físico-deportiva e intelectual, en que se demostre que ten cualidades para estes estudos, proba que se cualificará con apto ou non apto. Unicamente están exentos de realizar esta proba aqueles estudantes que teñan recoñecida a categoría de deportista de alto nivel.

### PASARELAS

Pódese acceder directamente ao 2º ciclo desta titulación desde:

- 1º ciclo da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Pódese acceder ao 2º ciclo desta titulación, mediante complementos de formación e a superación previa das probas de acceso específicas para esta titulación, desde:

- Mestre en Educación física

### PRIMEIRO CICLO

#### Primeiro curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Anatomía humana	T	6
Fisioloxía humana I	T	6
Biomecánica	T	6
Psicoloxía da actividade física e o deporte I	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos da natación e as actividades acuáticas	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos do fútbol	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos das habilidades rítmico-expresivas	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos do atletismo	T	4.5
Xogo motor	T	6
Teoría da educación física	T	4.5
Historia do deporte	T	4.5
Pedagogía da actividade física e o deporte	O	6

## Segundo curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Fisioloxía humana II	T	4.5
Psicoloxía da actividade física e o deporte II	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos das habilidades ximnástico-acrobáticas	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos dos deportes acuáticos: remo e piragüismo	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos do baloncesto	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos do balonmán	T	4.5
Fundamentos e contidos didácticos do voleibol	T	4.5
Socioloxía do deporte	T	4.5
Aprendizaxe e desenvolvemento motor	T	6
Expresión corporal	T	6
Sistemática do exercicio	T	4.5
Educación física de base: habilidades e destrezas	T	6
Libre elección	T	12

## SEGUNDO CICLO

### Terceiro curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Actividade física para a saúde	T	4.5
Deporte e recreación	T	4.5
Didáctica da educación física I	T	6
Teoría e práctica do adestramento deportivo	T	6
Fisioloxía do exercicio	T	6
Métodos estatísticos de investigación no ámbito da educación física e o deporte	O	6
Materias de orientación	OP	18
Optativas xerais de 2º ciclo (tres materias)*	OX	21
Libre elección	LE	12

\*O alumno debe elixir polo menos un deporte I (9 créditos)

### Cuarto curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Actividades físicas para poboacións especiais	T	4.5
Actividades físicas no medio natural	T	4.5
Didáctica da educación física II	T	6
Estrutura e organización das institucións deportivas	T	4.5
Planificación e xestión da actividade física e deportiva	T	6
Equipamentos e instalacións deportivas	T	6
Prácticum	T	15
Materias de orientación	OP	18
Optativas xerais de 2º ciclo (dúas materias)*	OX	15
Libre elección	LE	6

\*O alumno debe elixir desde un deporte II (9 créditos)

## ORIENTACIÓN 1: ADESTRAMENTO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Valoración funcional deportiva	OP	6
Valoración do rendemento deportivo	OP	6
Proceso de especialización deportiva	OP	6
Arbitraxe e xuízo deportivo	OP	6
Física aplicada ao deporte	OP	6
Prevenção de lesións na práctica deportiva	OP	6

Nota: aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións implantadas deberán cursar os 72 créditos optativos entre as materias optativas ofrecidas, xa sexan de orientación ou xerais.

## ORIENTACIÓN 2: PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dirección de empresas de servizos deportivos	OP	6
Dirección e xestión de recursos humanos	OP	6
Márketing deportivo	OP	6
Comunicación e relacións públicas no deporte	OP	6
Información económico-financiera nas empresas de servizos deportivos	OP	6
Creación de empresas deportivas	OP	6

Nota: aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións implantadas deberán cursar os 72 créditos optativos entre as materias optativas ofrecidas, xa sexan de orientación ou xerais.

## ORIENTACIÓN 3: ACTIVIDADE FÍSICA, SAÚDE E RECREACIÓN

Disciplinas	Tipo	Créditos
Promoción da saúde, actividade física e deporte	OP	6
Animación e turismo en actividades deportivas	OP	6
Actividades aeróbicas con soporte musical	OP	6
Deporte para todos	OP	6
Deportes de adversario con fins recreativos	OP	6
Proxectos e programas de ocio, recreación e deporte	OP	6

Nota: aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións implantadas deberán cursar os 72 créditos optativos entre as materias optativas ofrecidas, xa sexan de orientación ou xerais.

### Outorganse 18 créditos de libre elección por:

Prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas etc.  
Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.  
Outras actividades: cursos, seminarios, escolas oficiais de idiomas e conservatorios superiores e profesionais de música.

### Ficha

Titulación	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
Centro	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Ensinanzas	Primeiro e segundo ciclo
Nº de anos académicos	4
Curso de implantación	99/00
Data do B.O.E.	11/08/99

### Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
186	12	72	30	Non	300

### Información

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte  
Campus de Pontevedra. A Xunqueira  
36005 Pontevedra  
Tfno: 986 801 700 Fax: 986 801 701  
Correo electrónico: sdexbp@uvigo.es <http://webs.uvigo.es/feduc/>

### Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles  
Campus de Vigo  
36310 Vigo (Pontevedra)  
Tfno: 986 813 630/ 755 Fax: 986 813 639  
Correo electrónico: siope@uvigo.es  
[www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)